



EXPEDIENTE: 2023/URBANIS/000428

ASUNTO: Certificación do contido das bases p para a presentación de proxectos no Programa de Embelecemento Urbano 2023 do Concello de Oleiros

Dona Pilar Cela Álvarez, Secretaria do Concello de Oleiros, **CERTIFICA:**

Que, mediante Decreto núm. 2023002599, de 18 de maio, aprobaronse as bases para a presentación de proxectos no Programa de Embelecemento Urbano 2023 do Concello de Oleiros, que figuran no Anexo I do citado Decreto, e que se transcriben literalmente a continuación:

**“BASES PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS NO PROGRAMA DE
EMBELECIMENTO URBANO 2023 DO CONCELLO DE OLEIROS”**

1. Obxecto

O Concello de Oleiros vén desenvolvendo dende o ano 2012 unha serie de actuacións encamiñadas ao embelecemento urbano a través da realización de murais en paredes medianeiras e mesmo en chans de espazo público a fin de xerar unha percepción distinta, emprendedora e innovadora para os peóns que utilizan os espazos públicos, valorando estes lugares como museos ao aire libre, potenciando o seu uso como puntos de encontro, fortalecendo desta forma a identidade e a diversidade dos mesmos, xerando á súa vez un ambiente recreativo e de esparexemento. A intervención municipal non só ten por obxecto o embelecemento, senón tamén potenciar a arte urbana a través do muralismo, manifestación artística ou representación pictórica figurativa ou abstracta de calquera tema, debuxado nun muro ou na fachada dalgunha edificación, pintados xeralmente con aerosois. Desta maneira tamén se fomenta a intervención de artistas e a súa implicación no embelecemento do municipio.

Estas intervencións teñen unha vocación de permanencia no tempo, convidando aos propietarios de edificios e aos promotores a participar en actuacións de embelecemento e arte urbano de fachadas e medianeiras.

Se ben ata o de agora a participación de artistas neste evento limitábase á invitación persoal a varios muralistas para que expuxeran os seus bosquexos, facendo unha selección entre os presentados, a través das presentes bases búscase ampliar a participación de artistas na fase de presentación de proxectos que poidan ser executados no noso Concello, dando así a oportunidade a aqueles muralistas que gozan dun menor recoñecemento público de presentar os seus proxectos e de ser seleccionados para a execución dunha obra nun espazo público que lles aporte visibilidade e recoñecemento, dando un pulo á súa carreira e proxección.

En todo caso, a contratación final destes traballos quedará sometida a lexislación en materia de contratación pública.

2. Ubicación dos murais e orzamentos previstos para súa realización na anualidade 2023

Para esta anualidade 2023, as ubicacións das obras a realizar serían as seguintes. Ha de terse en conta que os orzamentos previstos son meramente orientativos, e que non vinculan aos/as artistas na presentación das súas opcións, se ben poden servir de orientación:

1. Depósito municipal de auga en rúa Follas Novas, esquina con rúa Agarimo (Montrove-Liáns). Orzamento previsto (sen IVE): 6.000,00 €. Trátase dun depósito de auga construído con muro de formigón visto. A superficie do formigón e bastante lisa xa que





foi executado ben con encofrados de chapa ou paneis prefabricados. Salvo algunha pequena zona con algo de musgo está limpo e en bo estado. As zonas que se incluírían na actuación serían as seguintes:

- a. Fronte á rúa Agarimo: ten unha dimensión aproximada de 23 metros por 4,50 de altura media, é dicir uns 100 m².

Achégase reportaxe fotográfico dos muros e depósito.



2. Muros da praia de Bastiaqueiro (Liáns). Orzamento previsto (sen IVE): 11.000,00 €.

Existen varios muros, que se sinalan a continuación e que se incluírían na actuación:

- a. Muro 1: trátase dun muro de contención de formigón armado de altura variable. Para a súa descrición podemos dividilo en tres tramos e unha edificación de planta baixa no seu remate final.
 - Tramo 1: lonxitude aproximada 45 metros, a súa altura varia entre 1,00 metros o inicio ata uns 3,50 metros de alto.
 - Superficie aproximada 101 m².
 - Está chapado con lousa de granito serrado duns 3 ó 4 cms. Presenta algunhas faltas de lousas desprendidas.





- Tramo 2: Lonxitude aproximada 43 metros, a altura iníciase nos 3,50 metros ata chegar a unha altura aproximada duns 7,50 metros.
 - Superficie aproximada 236 m².O seu acabado é de formigón visto que marca as táboas de encofrado que foron usadas para a súa execución. A súa execución é correcta cunha aceptable planeidade aínda que se aprecian as marcas das táboas de encofrado e algunha xuntas de formigonado.
- Tramo 3: Lonxitude aproximada 13 metros, altura duns 3 metros. Perpendicular ó tramo 2.
 - Superficie aproximada 39 m².
- No remate do espazo de muros existe unha construción cuberta de formigón en planta; a súa fachada cara á praia esta aberta en tres vanos. A súa parte posterior en muro pechado, perpendicular o tramo 3 ten unhas dimensións de 9 metros por 3 metros de alto, superficie 27 m². O seu acabado é de recebo pintado con grafitis. As paredes interiores desta edificación teñen unha s medidas aproximadas de 4,50 x 2,55 e 10.50 x 2,55, superficie aproximada 40 m². Están decoradas con grafitis.

MURO-1 TRAMO-1



MURO-1 TRAMO-2





MURO-1 TRAMO-3 e Edificación.



3. Muro do edificio municipal do servizo de radio Orzamento previsto (sen IVE): 6.000,00 €.

Trátase dun edificio ubicado na parte de atrás da casa do Concello, independente desta, cuxa parte traseira dá unha zona verde municipal. As medidas son, aproximadamente, as seguintes:

- A parte baixa está sobre un zócalo formado por un muro de pedra dunha altura de 1,20 metros, que sobresa 0,55 metros do plano da fachada.
- Na planta baixa, na parte dereita hai dúas ventás de 1,25 por 0,40 metros.
- Sobre dito muro elévase uns 8,80 e ten un largo de 11,90 metros.
- Resulta unha superficie de fachada duns 105 m2 aproximadamente.





Figura no Anexo I destas bases un plano no que se sinala a ubicación dos murais previstos.

3. Datas de celebración do programa

A realización dos murais realizarase, sempre que as condicións meteorolóxicas acompañen, entre o 26 de agosto e o 3 de setembro de 2023.

4. Presentación de solicitudes para a participación no programa

a. Prazo e forma de presentación

As solicitudes de participación haberán de presentarse a través do rexistro electrónico do Concello de Oleiros, ao que se pode acceder a través desta [dirección web \(sede electrónica – rexistro electrónico – solicitude xenérica\)](#).

No caso de que o envío a realizar supere a capacidade do servidor, poderá facilitarse unha ligazón para a descarga, ou presentar a través de calquera dos rexistros presenciais a disposición da cidadanía un CD ou pendrive no que se conteña a información a presentar, dirixíndoo á área de Urbanismo do Concello de Oleiros.

O prazo de presentación é de 30 días naturais dende a publicación destas bases na páxina web do Concello de Oleiros. Darase publicidade na web da data de finalización de presentación de ofertas.

b. Contido das solicitudes de participación

As solicitudes de participación no programa de embelecemento urbano 2023 han de conter a seguinte documentación:

1. Identificación do/da artista e breve referencia á súa obra, con imaxes das obras realizadas.





2. Indicación do mural ou murais aos que presenta proxecto. Búscase a realización de tres murais, como se indicou no punto 2 destas bases, polo que é necesario que os/as artistas indiquen cal ou cales son as ubicacións do seu interese, podendo limitarse a presentar oferta para algunha delas ou para varias.
3. Exposición do tema do mural. A temática é aberta, se ben é preciso que se integre na contorna na que se ubica o mural. É necesario acompañar a exposición do tema cun bosquexo-esquema no que se fixen unicamente as liñas principais da pintura, permitindo coñecer a idea que se pretende plasmar.
4. Indicación dos labores de limpeza e de preparación da superficie de traballo necesarios con carácter previo á súa realización, que serán asumidos polo Concello de Oleiros.
5. Orzamento desagregado da actuación, no que figuren, como mínimo, os seguintes conceptos:
 - a. Execución da obra
 - b. Materiais
 - c. Plataformas/andamios
 - d. Aloxamento e gastos derivados de manutención
 - e. Elaboración de bosquexos

Cómpre indicar que os orzamentos sinalados no apartado 2 destas bases son aproximados, polo que non limitan aos/ás artistas, se ben poden servir de referencia á hora de presentar os proxectos.

c. Invitacións a participar no evento

O Concello de Oleiros resérvase o dereito de invitar de xeito directo a artistas a participar no evento, respectando as condicións que se fixan nas presentes bases de participación.

5. Formalización da contratación

A contratación da creación dos diferentes murais realizarase seguindo a normativa vixente na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.”

Asinado electronicamente por dona Pilar Cela Álvarez, na data que figura no pé de sinatura, aos efectos do artigo 3.2.f) do RD 128/2018, de 16 de marzo.





ANEXO I das bases: UBICACIÓN DOS MURAIIS

